



Grupo Municipal
RIBEIRA

AO CONCELLO DE RIBEIRA

D^a. María Dominga Brión Sanmiguel, maior de idade, con documento de identidade nº 33.257.400 - K, e con enderezo en Avda. de A Coruña, nº 85 - 6º F 15960 Ribeira (A Coruña), **en calidade de portavoz municipal do BNG**, ante o Concello de Ribeira, comparece e **DI**:

Que, ao abeiro do disposto nos artigos 63.1,b) da Lei de Bases de Rexime Local e 116 da Lei de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, **interpón RECURSO DE REPOSICIÓN contra o acordo Plenario de 29 de setembro de 2008, polo que se aproba a permuta dun 10% do aproveitamento urbanístico que corresponde ao Concello no SUZ-4 co inmovible número 65 da avenida Xeneral Franco.**

Interponse o presente recurso en base ás seguintes:

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- Non resulta suficientemente acreditada no expediente administrativo a necesidade da permuta municipal aprobada, infrinxíndose o disposto no artigo 112.2 do Regulamento de Bens das Corporacións locais que, fronte á regra xeral de alleamento mediante poxa pública de bens patrimoniais, exceptúa o caso de alleamento mediante permuta con outros bens de carácter inmobiliario, previo expediente que acredite a necesidade de efectuala e que a diferenza de valor entre os bens que se trate de permutar non sexa superior ao 40% do que o teña maior.

Ante tal formulación debe comezarse por lembrar que a reiterada doutrina jurisprudencial recaída respecto destes casos, declara que:

- A poxa pública é a regra xeral no alleamento dos inmovibles dos Entes locais, segundo resulta do establecido no art. 112 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986 (RBEL).



O significado desa regra vai mais alá de ser unha mera formalidade secundaria ou escasamente relevante; pois ten unha estreita relación cos principios constitucionais de e igualdade e eficacia das Administracións públicas que proclaman os artigos 14 e 103 da Constitución.

E a razón diso é que, a través da libre concorrencia que é inherente á poxa, colócase en igual situación a todos os posibles interesados na adquisición dos bens locais, e, ao mesmo tempo, se amplía o abanico das opcións posibles do Ente Local fronte aos intereses públicos que motivan o alleamento dos seus bens.

Iso conduce a que a esixencia que neste precepto se establece para, a través da permuta, excepcionar esa regra xeral da poxa, unicamente poderá considerarse cumprida cando, non só exista un expediente que autorice a permuta, senón tamén queden precisadas e acreditadas nel as concretas razóns que fagan aparecer a aquela (a permuta) non xa como unha conveniencia senón como unha necesidade.

E isto último o que esixirá, á súa vez, será deixar constancia: dos intereses ou necesidades públicas que deben ser atendidos; das razóns pola que para dita atención son mais convintes que outros os bens que se pretenden adquirir por permuta; e da causa pola que tales bens han de ser adquiridos por permuta e non por outros medios.

Pois ben, no presente caso, non pode considerarse suficientemente acreditada a necesidade de efectuar a permuta aprobada, xa que non quedaron precisadas e acreditadas no expediente autorizando a permuta as concretas razóns polas que a permuta deba considerarse, non como unha conveniencia senón como unha necesidade, faltando de xeito absoluto as consideracións técnicas, económicas e xurídicas que xustifiquen a necesidade de efectuar esa adquisición mediante permuta, sistema excepcional de alleamento dos bens municipais que os exclúe da poxa; e é que acudir ao réxime excepcional da permuta requiría, por mandato do artigo 112.2, acreditar a necesidade de utilizar esta forma excepcional de enaxenar os solares municipais, requisito legal incumprido polo Concello, que determina a vulneración do citado precepto e, xa que logo, a concorrencia de causa de anulación do acto administrativo aprobatorio da permuta.

SEGUNDA.- A proposta de acordo formulada pola alcaldía establece como requisito previo á realización da permuta, a creación do rexistro municipal de solares, requisito que non se ten cumprido e que invalida o acordo plenario que aproba a permuta.



Por tanto, a inexistencia dun rexistro municipal de solares, como requisito esencial de validez da permuta, constitúe un vicio de nulidade de pleno dereito do acto administrativo polo que se aproba a mesma, de acordo co establecido no artigo 62 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRA.- A inexistencia dunha suficiente xustificación ou motivación á valoración do ben enaxenado coa permuta, constitúe outra causa de nulidade do acordo plenario de 29 de setembro de 2008, máis o que resulta de maior gravidade é que a citada valoración atópase moi por debaixo do valor real e de mercado do ben, polo que o acordo plenario impugnado ten ocasionado un grave prexuízo económico ao Concello de Ribeira, polo que procede a súa anulación, sen prexuízo das responsabilidades de diversa índole que se puidesen derivar da aprobación do citado acordo plenario, así mesmo a valoración do ben adquirido mediante permuta está por riba do seu valor real de mercado.

Coa presente permuta ocasionase un prexuízo económico ao concello, pola contra coa venda en pública subasta obteríase un beneficio económico maior, utilizable para a adquisición do inmovible número 65 da avda. Xeneral Franco e/ou doutros destinados a fins de interese público, cumprindo así a normativa vixente para ese tipo de actuacións.

Xa que logo,

SOLICITA, que se teña por presentado este escrito, e por interposto recurso de reposición contra o acordo do Pleno da Corporación Municipal, de 29 de setembro de 2008, polo que se aproba a permuta dun 10% do aproveitamento urbanístico que corresponde ao Concello no SUZ-4 co inmovible número 65 da avenida Xeneral Franco, e, previos os trámites pertinentes, se dicte unha resolución que revoque e anule o citado acordo plenario.

Ribeira, 28 de outubro de 2008.

Asdo.: Mª Dominga Brión Sanmiguel